



O xefe do Servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra informa do seguinte:

1.- Que con data 07 de maio de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a Resolución de clasificar como tal o nomeado “Montes de Requiáns, Cernadas e Agueiros” do Concello de Crecente.

2.- Que con data 31 de xaneiro do 2000 a Comunidade de Crecente solicitou a transformación do consorcio PO-3081 en convenio, acompañando certificación do acordo adoptado en Asamblea Xeral de data 14 de marzo de 1999 e sendo a superficie consorciada de 125 ha e o ano de comenzo das actuacións 1945. Acompáñase escrito de ratificación de data 30 de maio do 2002 de rescindi-lo consorcio totalmente, pasando 99 has a convenio e as 26 has restantes á Comunidade.

3.- Que a superficie total consorciada do monte é de 157 ha distribuídas así:

pertenza a Crecente	125 ha (3ª segregación)
pertenza a Vilar	27 ha (2ª segr.rescisión o 16-03-98)
pertenza a Freixo	5 ha (1ª segr.rescindido o 14-06-95)

4.- Que os gastos por traballos, mailos ingresos da parte do monte que se rescinde son os seguintes:

		Ingresos	Gastos	Saldo
31-12-85	Distribucion 125/157	18.576	6.565.939	6.547.363 H
29-12-86	Repob.10 has 4502		1049.552	7.596.915 H
“	7,85% Gtos. Admon		82.390	7.679.305 H
30-08-86	Tratam. Selv. 5 has		433.420	8.112.725 H
“	7,85 % Gtos.Admon		34.023	8.146.748 H
31-12-86	Guardería		6.250	8.152.998 H
29-07.87	60% AM 15000	9000		8.143.998 H
31-12-87	Repob. 10 has 4705		571.615	8.715.613 H
“	Gtos Admon 7,85		44.872	8.760.485 H
“	Guardería		6.250	8.766.735 H
29-11-88	60% AM(150201)48152AD 90121			8.676.614 H
31-12-88	Guardería		6.250	8.682.864 H
02-02-89	60%AM 30000 48150AD	18.000		8.664.864 H
“	Rep. 5 has 4605		327.920	8.992.784 H
“	7,85% Gtos Admon		25.742	9.018.526 H
“	Repob.16 has 4802		564.315	9.582.841H
	7,85% Gtos Admon.		44.299	9.627.140 H



“	Mellora de pistas 4915	66.288	9.693.428 H
“	7,85% Gtos Admon.	5.203	9.698.631 H
09-11-89	Condon.debeda lei 13/89 4.977.860		4.720.771 H
31-12-89	Guardería	6.250	4.727.021 H
31-12-90	Mellora rodad. 3 km. 4025	588.736	5.315.757 H
“	7,85% Gtos.Admon	46.215	5.361.972 H
31-12-90	Repob. 5 km. 4038	791.690	6.153.662 H
“	7,85% Gtos. Admon.	62.147	6.215.809 H
“	Guardería	6.250	6.222.059 H
18-12-91	60% AM 45000 41156 AD 27.000		6.195.059 H
31-12-91	Guardería	6.875	6.201.934 H
31-12-92	Repob. 6 has 4113	1.060.001	7.261.935 H
31-12-92	7,85% Gtos admon.,	83.210	7.345.145 H
“	Repob. 15 has 4213	2.737.074	10.082.219 H
“	7,85% Gtos Admon.	214.861	10.297.080 H
“	Guardería 125 x55	6.875	10.303.955 H
31-12-93	“	6.875	10.310.830 H
31-12-94	“	6.875	10.317.705 H
31-12-95	“	6.875	10.324.580 H
31-12-96	“ x 60	7.500	10.332.080 H
14-11-97	60% AM(1400000)47123 AD 840.000		9.492.080 H
11-12-97	60% AM (1370000)47122 AD 822.000		8.670.080 H
31-12-97	Mellora pistas (3has) 4719	693.150	9.363.230 H
“	72,5 % subv.	502.534	8.860.696 H
31-12-98	Tratam. Selv. 4807	565.898	9.426.594 H
31-12-98	72,5% subv.	488.087	8.938.507 H
31-12-98	7,85% Gtos Admon.	98.835	9.037.342 H
31-12-01	Saldo en Euros		54.315,52 H
31-12-01	Repob. Forestal (1,8 ha) 36M101/01 1.977,76		56.293,28 H
“	72,5 % subv. S/ 1848,37 1.340,07		54.953,21 H
31-12-01	7,85% Gtos. Admon.	155,25	55.108,46 H
06-02-02	AM 60% (58424,39) 41137 35.054,63		20.053,83 H
03-06-02	Saldo a favor da Xunta: 20.053,83 Euros.-		

Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: **REQUIENS E CERNADAS**

Elenco: 361-5699

Superficie: 99 ha (48 repoboadas e 51 rasas)



Pertenza: Comunidade de Crecente
Concello Crecente Provincia: Pontevedra
Participación comunidade propietaria sobre o voo creado : 70%
Participación consellería sobre o voo creado: 30 %
A contabilizar como anticipo : 50%
A contabilizar como subvención: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1% anual
Saldo inicial: **20.053,83 Euros.**

SEGUNDO.- Rescindir totalmente o consorcio “Quebrada e Pena do Pindo”, PO-3081 de 125 ha, pasando 99 ha ó convenio “Requiáns e Cernadas” 361-5699 e as 26 ha restantes pasan á comunidade de Crecente segundo a súa solicitude.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2002.



O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,

Teodoro Arribas Serrano.

Visto e prace
O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-



Con data 10 de xuño de 2002, tivo entrada no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente, expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Pontevedra, sobre rescisión total do consorcio do monte Quebrada e Pena do Pinto con nº de elenco 3081, cunha superficie de 125 has., das que 99 has. se transformarían no convenio 3615699, entre a Consellería e a Comunidade veciñal de Crecente, propietaria do Monte veciñal en man común denominado “MONTE DE REQUIENS E CERNADAS”, e ás 26 has. restantes pasarían a disposición da comunidade propietaria,

Vista a certificación de data 15 de decembro de 1999, de Don Valentín Vallejo Pereira, Secretario da Comunidade veciñal de Crecente, segundo a que, en Asemblea Xeral celebrada o día 14 de marzo de 1999, acordóuse solicita-la transformación do consorcio 3081 en convenio, que afecte á parte correspondente a súa propiedade.

Visto o escrito de 15 de decembro de 1999, a través do que Don José Ramón Pereira Sánchez, Presidente da Comunidade veciñal de Crecente, a través do que solicita a transformación do consorcio nun convenio que afecte o monte da súa propiedade. Posteriormente, e por medio de escrito de data 11 de marzo de 2002, o Presidente da comunidade veciñal solicita a rectificación da anterior solicitude, de forma que se transformen en convenio únicamente 99 has., rescindíndose o consorcio nas restantes 26 has.,

Visto o informe do Distrito Forestal XVII Condado-Paradanta, en relación ca transformación solicitada, no que se manifesta ó seguinte:

- Que existen diferencias entre o monte clasificado a favor da comunidade de Crecente, e a superficie que en realidade os veciños consideran como pertencente ó monte, e polo tanto veñen aproveitando,
- Que para evitar confrontación entre as comunidades de montes implicadas, ven oportuno deixar fóra do convenio esas superficies, en espera da realización dun deslinde,
- Conclúe o informe indicando que se deben incluír no convenio 99 has. pertencentes os montes Quebrada e Pena do Pindo.

Visto o informe do Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra de data 3 de xuño de 2002, no que se propón que o consorcio Quebrada e Pena do Pindo, con nº de elenco 3081 sexa rescindido na súa totalidade, ó pasar a convenio 99 has., correspondentes o Monte veciñal en man comun “MONTE DE REQUIENS E CERNADAS”, propiedade da Comunidade veciñal de Crecente, pasando as 26 has. restantes a disposición da citada comunidade,

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto, o Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes, así como a Lei



13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a súa execución,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude formulada, e que en consecuencia, sexa rescindido na súa totalidade o consocio Quebrada e Pena do Pindo, con nº 3081, e aprobado o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Crecente, propietaria do Monte veciñal en man común “MONTE DE REQUIENS E CERNADAS”, cunha superficie de 99 has. pasando as 26 has, restantes das 125 has. consorciadas, a disposición da citada comunidade veciñal de Crecente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2002.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e pola xefa do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio das seguintes características:

Nome: **REQUIÁNS E CERNADAS**

Elenco: 361-5699

Superficie: 99 ha (48 repoboadas e 51 rasas)

Pertenza: Comunidade de Crecente

Concello Crecente Provincia: Pontevedra

Participación comunidade propietaria sobre o voo creado : 70%

Participación consellería sobre o voo creado: 30 %

A contabilizar como anticipo : 50%

A contabilizar como subvención: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Saldo inicial: **20.053,83 Euros.**

SEGUNDO.- Rescindir totalmente o consorcio “Quebrada e Pena do Pindo”, PO-3081 de 125 ha, pasando 99 ha ó convenio “Requiáns e Cernadas” 361-5699 e as 26 ha restantes pasan á comunidade de Crecente segundo a súa solicitude.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2002.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,

José Luis Aboal García-Tuñón.



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	361	5699
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a quinze de xullo de dous mil dous. ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ÁLAMO JIMÉNEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE RAMÓN PEREIRA SÁNCHEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Crecente, concello de Crecente, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1945 Consorcio PO-3081 - 1/3 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Crecente

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Montes de Reguións e Cernadas

Termo municipal: Crecente Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal Montes Veciñais en man Común

Límites:

N.: M.V.M.C do Freixo

S.: Particulares de Crecente e Freixo

L.: Particulares e M.V.M.C do Freixo

O.: Particulares e M.V.M.C de Villar

Superficie: 99 Has

Estado forestal: Mezcla de frondosas e resinosa: 12 has; Eucalipto: 14,8 has; pino: 19,4 has
frondosas autoctonas: 1,8 has; raso: 51 has.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: _____

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: _____

Sen vexetación arbórea: Servidumes: _____

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Crecente

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 99 has do consorcio 3081 1/3

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será pino pinaster

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Maria Jose Leon Gomez, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común Requiáns, Cernadas e Agueiros

2.—Que, así mesmo, figura Don Jose R. Pereira Sánchez, e
Don Valentín Vallejo Pereira, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 15 outubro 2002

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra
a 31 de maio de 199 ~~xxx~~ 2002



Don Valentin Vallejo Pereira, Secretario
de Comunidade de Montes Veciñais de Crecente

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 14 de marzo de 1999 estando designado
Don Jose Ramon Pereira Sanchez
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra
a once de Marzo de mil
~~novecentos noventa e~~ dous mil dous.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Jose Ramon Pereira Sanchez

Asdo.: Valentín Vallejo Pereira

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,



O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 20/12/01)
O SECRETARIO XERAL
Pola Consellería de Medio Ambiente,

Asdo.: José Luis Aboal García-Tufón